

O obxectivo do Plan de emerxencia é garantir a integridade das persoas traballadoras do centro de traballo.

Para unha correcta implantación do Plan de emerxencia é importante formar e informar aos traballadores/as.

Para comprobar o seu correcto funcionamento é importante realizar simulacros de forma periódica.

Como actuar en caso de accidente

P **PROTEXER:**
Primeiro a ti mesmo/a e despois ao accidentado/a.

A **AVISAR:**
Aos responsables da obra e ao **112**.

S **SOCORRER:**

- 1 Comprobar consciencia e respiración do accidentado/a.
- 2 Avaliar lesións do accidentado/a.
- 3 Practicar os primeiros auxilios só en caso de ter os coñecementos axeitados.

Recorda:
Non mover ao accidentado/a se non é imprescindible!



Máis información en:

Real Decreto 1627/1997, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción.

Convenio Colectivo Xeral do Sector da Construción.

Real Decreto 393/2007, polo que se aproba a Norma Básica de Autoprotección dos centros, establecementos e dependencias adicados a actividades que poidan dar orixe a situacións de emerxencia.

Guía sobre procedementos para a implantación de medidas de emerxencia no sector da construción.

Descarga a guía aquí



Accede a este tríptico e descárgao noutras linguas cooficiais e estranxeiras



www.lineaprevencion.com

Medidas de emerxencia

NAS OBRAS DA CONSTRUCCIÓN



Tendo en conta o tipo de obra, contorna, accesibilidade, procesos construtivos, etc., o empresario/a debe analizar as posibles situacións de emerxencia e adoptar, como

mínimo, as medidas necesarias en materia de primeiros auxilios, loita contra incendios, evacuación e salvamento dos traballadores/as, designando para tal fin ao persoal encargado de poñer en práctica estas medidas.

Nas obras, como en calquera outro lugar de traballo, débense analizar as posibles

situacións de emerxencia establecendo plans de actuación para as mesmas.

AS EMERXENCIAS MÁIS CORRENTES EN OBRA SON:

- **Accidentes laborais:** en traballos en altura (cimbras, estadas, trepas, plataformas de traballo, etc.), en traballos preto de liñas eléctricas, en uso e manipulación de produtos químicos, traballos en espazos confinados, etc.
- **Incendios:** en zonas de actuación da maquinaria, en casetas, en traballos de soldadura, etc.
- **Explosións:** en zonas de provisión, onde se almacenen os produtos combustibles inflamables

A información sobre medidas de emerxencia debe desenvolverse **no plan de seguridade e saúde no traballo correspondente.**

Tódalas modificacións que se realicen no plan de emerxencia **deberán ser comunicadas, polo menos, ao persoal afectado**

O Plan de emerxencia e evacuación DEBE RECOLLER:

- As posibles **situacións de emerxencia** dentro da obra.
- **Medios persoais e materiais** necesarios para afrontar ditas situacións.
- **Protocolos de actuación** para dar resposta e controlar as situacións de emerxencia.
- Os **accesos** previstos para os **servizos públicos** de emerxencia.

Deberá revisarse periodicamente e cando se produzan cambios significativos como pode sela evolución da obra, realización de novas actividades, incorporación de persoal, despois de accidentes, etc.

Principais medidas de emerxencia en obra



PRIMEROS AUXILIOS:

- O empresario/a debe garantir os primeiros auxilios con persoal suficientemente formado.
- En obras que superen os 50 traballadores/as dispórase de locais de primeiros auxilios.
- Os locais de primeiros auxilios e caixa de urxencias estarán sinalizados.
- Dotaranse ás obras lineares de caixa de urxencias portátiles no puntos estratéxicos.



LOITA CONTRA INCENDIOS:

- Deberase dispor de dispositivos suficientes e axeitados á loita contra incendios.
- É importante que exista un extintor de CO₂ próximo aos cadros eléctricos.



VÍAS E SAÍDAS DE EMERXENCIA:

- As vías e saídas de evacuación non deberán estar obstruídas e desembocar en zonas seguras.
- O número, distribución e dimensións dependerá do uso, dos equipos e dimensións da obra.
- Deberán sinalizarse conforme o R.D. 485/97.